

SAL . 003/25 08.05.18 10:35

Segundo o calendario escolar 2018/2019 aprobado polo Consello de Goberno do 5 de marzo de 2018 o calendario será único para os estudos adaptados ao EEES e os que se atopen en proceso de extinción. Sen embargo, a petición dos centros, excepcionalmente poderán concederse modificacións nas datas acordadas trala comunicación á Secretaría Xeral da Universidade.

Segundo isto, e unha vez recibida a petición de modificación de calendario, do decano da Facultade de Ciencias e o coordinador do Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental, esta **SECRETARÍA XERAL**

Autoriza a facer a seguinte modificación, no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental:

1.- fixar a data dos exames das materias P2042106 Auditor e P2042107 Toxicoloxía Laboral o 2 de novembro de 2018, considerando que a docencia destas materias vaise dar de forma intensiva ao principio de curso.

2.- Ampliar o período lectivo, da materia P2042108 Saúde Medioambiental ata o 21 de decembro de 2018.

Comunicáselle que os períodos de apertura e peche de actas serán segundo as establecidas no calendario académico oficial para o curso 2018/2019.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2018



A SECRETARIA XERAL

Consuelo Ferreiro Regueiro

DECANO DE FACULTADE DE CIENCIAS, COORDINADOR DO MÁSTER EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E SAÚDE MEDIOAMBIENTAL, RESPONSABLE DA UNIDADE DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DPTOS. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR, VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA, XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA, XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA